



PROGRAMA TURQUIA 2024

20 DE SETEMBRO AO 02 DE OUTUBRO 2024

Día 20/09: CORUÑA / MADRID

Traslado desde Coruña ao Aeroporto, para tomar o voo con destino Madrid. Traslado do Aeroporto /Hotel. **Cea e Aloxamento.**

Día 21/09 : MADRID / CAPADOCIA

Almorzo. Traslado ao Aeroporto, para tomar o voo con destino a Capadocia. Chegada e **traslado ao hotel. Cea e Aloxamento.**

Día 22/09: CAPADOCIA PC

Pensión completa. Hoxe visitaremos a rexión de Capadocia onde naceu San Xurxo; única no mundo que combina os caprichos da natureza con lugares de gran interese cultural. Comezaremos o noso percorrido co paseo polo fascinante **Val de Dervent**, coñecido como o val das "chemineas de fadas", onde a pedra erosionada polo vento e pola acción da auga sobre terreo volcánico deu lugar a unha paisaxe espectacular formada por picos, algúns con formas de obeliscos. A continuación visitaremos a cidade **subterránea de Ozkonak** ou outra similar, construídas polas comunidades cristiás para protexerse dos ataques árabes. Proseguimos para visitar o **museo ao aire libre de Göreme** que conserva un impresionante conxunto de igrexas, capelas e mosteiros excavados na rocha con frescos do século XI que foron decalarados Patrimonio da Humanidade pola UNESCO. **Xantar nun** restaurante local. Pola tarde visita panorámica do pobo de Uchisar e das espectaculares paraxes volcánicas de **Avcilar** (dos cazadores) e **Güvercinlik** (dos pombais) e admirarán unha marabillosa vista panorámica do castelo de Uçhisar, situado no alto dun promontorio de rocha volcánica perforado por túneles e ventás. Regreso ao hotel. **Cea e Aloxamento.**

Día 23/09 : CAPADOCIA / KONYA PC

Pensión completa. Saída para ver as famosas "**Tres Belezas de Ürgüp**", onde se poden ver as formacións rochosas en forma de fungo e un panorama da cidade de Ürgüp. Opcionalmente poderán realizar un espectacular paseo en globo aerostático ao amencer. A continuación visitaremos o pequeno fermoso **pobo de Ortahisar** que destaca co seu castelo de alta formación xeolóxica de 86 m de altura que se converteu en vivendas dos hititas. Pola tarde continuamos coa visita ao **val Zelve**, está formado por dous canóns, lugar onde conviviron os musulmáns e cristiáns ata 1924. As ladeiras

do lado dereito son de cor rosado, e as da esquerda son dominadas pola cor branca. **Xantar** nun restaurante local. A continuación visitaremos o **val de Cavusin**, onde as casas escavadas nas abas dun monte, presentan unhas fachadas fastosamente decoradas, beleza que permanece no tempo. Saída cara a **Konya**, chegada ao hotel en Konya; **Cea e Aloxamento**.

[Día 24/09 : KONYA / PAMUKKALE - PC](#)

Pensión completa. Saída cara a **Pamukkale**, ou "castelo de algodón", pequena localidade famosa polas súas piscinas de travertino de cor branca petrificadas e formadas pola cal que contén a auga dos mananciais termais que emanan na zona. **Almorzo** na ruta. Chegada ao hotel, **Cea e Aloxamento**.

[Día 25/09 : PAMUKKALE / HIERAPOLIS / AFRODISIAS PC](#)

Pensión completa. Saída cara a **Hierápolis**, antiga cidade balnearia fundada arredor do ano 190 a.C. polo rei de Pérgamo, prosperando en gran medida durante a época romana, que foi levantada na parte superior das piscinas cun fermoso teatro e gran necrópole. **Xantar** nun restaurante local. A continuación saída cara á cidade Grega-Romana de **Afrodiasias**, nomeada así en honra á deusa Afrodita, que foi coñecida en toda Asia Menor como centro de medicina e filosofía. Visitaremos o inmenso Estadio, o anfiteatro romano, o templo de Afrodita, o pequeno Odeón, co seu escenario decorado, os pórticos (Ágora) e maravillosas esculturas. Chegada ao hotel, **Cea e Aloxamento**.

[Día 26/09 : PAMUKKALE / EFESO / ESMIRNA PC](#)

Pensión completa. Saída cara a **Efeso**, a cidade clásica mellor conservada de Turquía construída no ano 1.000 a.C (os restos que vemos hoxe son do século IV a.C) onde destacaremos: a Biblioteca de Celso, o templo de Adriano e o seu gran teatro. Máis tarde, visitaremos a **Basílica de San Xoán**, construída polo emperador Xustiniano sobre a tumba do apóstolo San Xoán, que morre en Éfeso. Foi erixida en 548 ao pé da antiga acrópole de Éfeso e destruíuse por mor de guerras, conflitos e sismos. Actualmente só se conservan as súas ruínas. **Cea e Aloxamento**.

[Día 27/09: ESMIRNA / TROYA / CANAKKALE PC](#)

Pensión completa. Saída cedo cara á mítica **Troia** só o seu nome evoca unha serie de caracteres e lugares cheos de aventuras, heroes e destrución da mística cidade. Foi Schliemann alá polo ano 1872 que utilizando como guía o relato máis antigo da Guerra de Troya, a Iliada de Homero, demostrou que a mítica cidade formaba parte dunha herdanza universal. Visita as súas ruínas e ao célebre "Cabalo" reconstruído en madeira. **Xantar** nun restaurante local. Saída cara a Canakkale, situada nas orientacións do estreito dos Dardanelos. Chegada ao hotel, **Cena e Aloxamento**

[Día 28/09 : CANAKKALE /BURSA/ ISTAMBUL PC](#)

Pensión completa. Traslado en autobús a Bursa. Chegada e visita á **Mesquita Verde** ou Yesil Camii, construída en 1419 por Mehmet I Çelebi. Xunto á mezquita atópase o **Mausoleo Verde**, posiblemente o edificio máis fermoso de toda Bursa. Durante o percorrido, realizarase unha pausa para o **xantar**. Traslado en autobús a Istambul. **Cea e Aloxamento** en hotel de Istambul.

[Día 29/09 : ISTAMBUL PC](#)

Pensión completa. Comezaremos visitando a **Basílica de Santa Sofía** "Sabedoría Divina", é incuestionablemente un dos máis fantásticos edificios de todos os tempos. Foi construído por Constantino o Grande e reconstruída por Xustiniano no século VI, a súa inmensa cúpula levántase a

55 metros do chan, cun diámetro de 31 metros. Durante o imperio Otomán foi convertida en mesquita e co tempo engadiron os minaretos. Proseguiremos visitando o **antigo Hipódromo** que pertence á época bizantina o cal foi centro da actividade civil do país e no cal non soamente se realizaban as carreiras de cabalos e os combates de gladiadores senón tamén as celebracións en honra do Emperador. Hoxe en día conserva o Obelisco de Teodosio, a Columna Serpentina e a Fonte do Emperador Guillerme. A **Mesquita Azul** que foi construída en 1609 durante o sultanato de Ahmet o cal querendo superar coa súa mesquita á Basílica de Santa Sofía, a construíu con 6 minaretos. **Xantar** nun restaurante local. Logo visitaremos o **Museo de Arte Turco e Islámico** que alberga unha ampla variedade de obxectos que abranguen desde a época islámica temperá ata a época otomá. A colección inclúe manuscritos iluminados, cerámica, téxtiles, caligrafía islámica, obxectos de metal, e moito máis. Ao final nos dirixiremos cara á **Cisterna Basílica**, coñecida con este nome debido ao seu emprazamento xa que neste lugar se levantaba anteriormente unha basílica, foi construída por orde do emperador Xustiniano I. no ano 542 d.C. para satisfacer as necesidades de almacenamento de auga da cidade e continuou dando este servizo durante séculos, mesmo trala conquista otomá. O seu teito está sostido por un bosque de 336 columnas de mármore duns nove metros de altura, repartidas en 12 filas. Regreso ao hotel, **Cea e Aloxamento**.

[DÍA 30/09 : ESTAMBUL PC](#)

Pensión completa. Hoxe visitaremos o museo de **Santa Irene**, foi a primeira catedral de Constantinopla e atópase no primeiro patio do Pazo de Topkapi. Foi construída por Constantino V no século VIII e foi utilizado como arsenal durante o período do imperio Otomán. A continuación visitaremos o **Pazo de Topkapi**, que foi a residencia dos sultáns otománs durante catro séculos. Veremos os pavillóns, cociñas, cámaras de audiencia, o tesouro e quioscos edificadas arredor dunha serie de patios. Logo visitaremos o **Gran Bazar**, con máis de 4.500 tendas que se agrupan en zonas especializadas en diferentes produtos: xoiería, roupas, entre outras cousas. **Xantar** nun restaurante local. Pola tarde nos trasladaremos ao porto para embarcar e iniciar o **Cruceiro polo Bósforo**, estreito que separa dous continentes e une o Mar Negro co Mar de Mármara. Desde o barco poderemos admirar o Pazo de Dolmabaha, a Mezquita, o barrio bohemio de Ortakoy, as Fortalezas de Rumelia e Anatolia, o Pazo de Beylerbeyi, as típicas casas de madeira "yali", etc. A continuación visitaremos o **Bazar das Especies**, tamén chamado Bazar Exipcio, é un dos mercados máis antigos de Istanbul e un dos mellores lugares para comprar produtos típicos como especias, doces ou froitos secos. Regreso ao hotel, **Cea e Aloxamento**.

[Día 01/10 : ESTAMBUL PC](#)

Pensión completa. Pola mañá visita ao **Pazo de Dolmabaha**, foi a residencia dos últimos sultáns otománs desde a metade do século XIX. Componse de 285 cuartos e 43 salóns, admirará a riqueza do seu adorno: as súas arañas de Bohemia, os seus 280 xardíns, as súas alfombras de Hereke, e pezas de prata e ouro. Logo continuación cara ao **barrio de Pera e Barrio Galata**, no que os Xenoveses se instalaron no século XII ao sur da Torre de Galata que data do mesmo século. Visitaremos a **Torre de Galata** (a subida á torre non é posible xa que está pechada) construída nun monte do barrio xenovés para protexer a zona. Durante a época Otomá, foi utilizada como cárcere e como torre de vixilancia contra incendios. Logo visitaremos a rúa Peonil "**Istiklal Caddesi**" a rúa onde podemos ver circulando un nostáxico tranvía. Regreso ao hotel, **Cea e Aloxamento**.

[Día 02/10 : ESTAMBUL/MADRID/CORUÑA](#)

Akmrzo no hotel. Á hora prevista **traslado ao aeroporto** para coller o voo con destino España. Recollida de equipaxe e traslado a Coruña. **Fin dos nosos servizos**.

HOTEIS PREVISTOS O SIMILARES

Madrid : Hotel 4* M.P

Capadocia: Perissia 5* o Mustafa Resort 5* o Suhan 5* o similar M.P **Konya:** Anemon Konya 5*o similar M.P

Pamukkale: Richmond Thermal 5* o similar M.P **Esmirna:** Greymark o similar 4* M.P

Canakkale: Kolin 5* o Doubletree o similar M.P


Estambul: Crowne Plaza Old City 5* o Eresin Topkapi 5* o Holiday Inn Ist City 5* o similar (parte Antigua) M.P

MÁIS INFORMACIÓN, PREZOS E RESERVAS EN :

CIBERVIAJES

RÚA MENÉNDEZ PELAYO,12 - BAIXO – A CORUÑA

TELF.: 981 21 66 00



VOOS PREVISTOS

IB00523 20 SEP LA CORUÑA/MADRID 17:45-19:05 TK1858 21SEP

MADRID/ESTAMBUL 12:00-17:15

TK2232 21 SEP ESTAMBUL/CAPADOCIA 20:30-21:55 TK1357 02OCT

ESTAMBUL/MADRID 10:00-13:30 IB00524 02 OCT MADRID/LA CORUÑA 15:45-17:05

O PROGRAMA INCLÚE

- Traslado Coruña/Aeroporto/Coruña
- Traslado Madrid Aeroporto/Hotel /Aeroporto -Todos os traslados en minibus.
- Todas as visitas indicadas arriba con guía local de fala española.
- Entradas aos monumentos
- Propinas nos hoteis e restaurantes.
- Imposto de aloxamento
- 1 noite en Madrid en MP (Cena e Almorzo)
- 11 noites de aloxamento en hoteis previstos en réxime MP(Turquía)
- 10 xantares
- Bebida 1 botella de auga pequena /1 café instantáneo/café turco por cada comida (almorzo e cea) -Barco privado en Bósforo
- Voos ida/volta
- Seguro Anulación e Asistencia TOP

O PROGRAMA NON INCLÚE

Calquera servizo non especificado en "Programa Inclúe"

MÁIS INFORMACIÓN, PREZOS E RESERVAS EN :

CIBERVIAJES

RÚA MENÉNDEZ PELAYO,12 - BAIJO – A CORUÑA

TELF.: 981 21 66 00
